

Bases concurso

“En busca do talento dixital”

Introdución

“En busca do talento dixital” é un **concurso de ideas-concepto** que se desenvolve no marco das actividades da iniciativa DICO Summit co obxectivo de **buscar e dinamizar ideas relacionadas co mundo dos contidos dixitais**, tanto no ámbito estudantil como profesional.

1. Poderá participar calquera **persoa física** que presente unha idea orixinal, en calquera das linguas do concurso (castelán, galego e inglés), que estea inspirada nunha temática relacionada cos novos contidos dixitais.
2. As ideas deberán ser **orixinais e diferenciarse doutros produtos, servizos ou ideas comerciais que poidan existir na actualidade** e sexan de dominio público. Aceptaránse ideas nas que os contidos dixitais sexan parte fundamental, podendo aplicarse a calquera campo ou sector.

Modalidade e categorías

3. O concurso ten unha única modalidade, consistente na **procura de novos talentos a través da presentación breve dunha idea-concepto** sobre un produto ou servizo innovador no campo dos contidos dixitais
4. Os participantes poderán participar nunha das seguintes **categorías**:
 - a. **Mozo Adulto** (de 18 a 30 anos), calquera que sexa a súa ocupación actual (alumno ensino superior, autónomo, etc.)
 - b. **Mozo** (de 14 a 18 anos), que actualmente a cursen estudos nun Centro Educativo galego
5. Aceptarase a presentación de ideas en **grupo ata un máximo de tres integrantes**
6. Cada participante poderá presentar un **máximo de dúas ideas**, individuais ou en grupo, todas elas orixinais.
7. Na categoría “**Mozo**”, a idea deberá **ter coma titor a un adulto**, preferentemente un docente.

Presentación das ideas

8. Os participantes deberán facer chegar as súas ideas indicando a seguinte **información**:
 - a. Nome e idade do participante ou de todos os membros do grupo; na categoría “Mozo”, titor da idea, Centro de Estudo do participante ou participantes e nivel académico que están a cursar
 - b. Datos de contacto a efectos de notificación (correo electrónico e teléfono); na categoría “Mozo”, os datos de contacto serán os do titor
 - c. Descrición xeral de idea
 - d. Tecnoloxía necesaria
 - e. Principais vantaxes da idea
 - f. Posibles clientes ou consumidores
9. As ideas terán unha **lonxitude máxima de tres páxinas A4 a tamaño de letra 11pt**
10. Os participantes inscribíranse no concurso enviando un **correo**, no que achegarán un **documento coa información solicitada**, ao correo info@dicosummit.gal

11. O prazo de presentación de ideas pecharase o **23 de xaneiro de 2017 ás 17.00h**

Premios

12. Os premios outorgaranse o **25 de xaneiro** antes de clausura de DICO Summit 2017; será necesario a presenza de polo menos un representante por idea para a concesión do premio. No caso da categoría “Mozo”, o titor pode actuar con representante. En caso de non estar presente ningún representante, a lista avanzará cara á seguinte idea con maior puntuación
13. O concurso prevé **dous premios para cada categoría**: primeiro premio e mención especial
14. Os premios consistirán **en dispositivos electrónicos, libros, material promocional ou subscricións** relacionadas co campo dos contidos dixitais
15. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que as ideas presentadas non alcanzan unha calidade mínima

Xurado e criterios de valoración

16. Para os premios designarase un **xurado que valorará as contribucións e propoñerá os gañadores**. O xurado estará formado por, polo menos, **un representante de cada unha das entidades organizadoras** (Amtega, Cluster Audiovisual Galego e Cluster TIC Galicia) así coma **un representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**. Ademais, o xurado **poderá convidar a un máximo de (3) profesionais participantes no evento para que revisen as ideas e as avalíen**. En todo caso, o xurado estará composto por representantes altamente relacionados cos contidos dixitais.
17. Para valorar os relatos terase en conta:
 - a. A orixinalidade e creatividade da idea
 - b. O grao de innovación en contidos que se aplique
 - c. As tecnoloxías mencionadas

Participación

18. A participación neste concurso presupón a aceptación das bases.
19. As ideas gañadoras poderán ser difundidas publicamente pola organización, utilizando sempre unha descrición resumida das mesmas

Protección de datos

20. En cumprimento co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase os participantes, quen consente, que os datos persoais que faciliten con motivo da súa participación nos presentes premios “En busca do talento dixital” serán incorporados a un ficheiro, e no seu caso tratados, coa única finalidade de xestionar os premios. O responsable deste ficheiro é o Cluster TIC Galicia, con domicilio social en Edificio CEM, Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n, 15707, Santiago de Compostela; con CIF G70157581. O exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos recolleitos no ficheiro, de acordo aos artigos 15 a 17 da Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (L.O.P.D.), poderá exercitarse comunicándoo ao responsable do ficheiro por correo na dirección info@dicosummit.gal coa referencia LOPD - Premios DICO Summit 2017